

ACTA NÚMERO: 46/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2022.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 24 de novembro de 2022 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular
- D. Gabriel Rodriguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal en funcións de Secretario Accidental da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 17 de novembro de 2022 (Reunión 45/2022).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Laerdal España, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a subministración de material e simuladores clínicos para a Escola Universitaria de Enfermería. (Expte.-2022059188).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Sermos Galiza, S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022062725).*
4. *Dar conta da oferta presentada pola empresa La Voz de Galicia S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022061636).*
5. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Sociedad Española de Radiodifusión, S.L.U. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022062915).*
6. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Radio Popular S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022061901).*
7. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Life Technologies para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de mantemento do secuenciador 3500 genetic analyzer do laboratorio de bioloxía molecular da Estación Fitopatolóxica Areeiro. (Expte.- 2022060558).*
8. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Rehabilitación integral da cuberta dunha edificación na finca de Mouriscade". (Expte.- 2021056365).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avialable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas E.P. 9001 - 9003 - 9004 (Concello de Cambados)". (Expte.- 2022052546).*



10. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022043519).*
11. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022043519).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, e D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 17 de novembro de 2022 (Reunión 45/2022).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 17 de novembro de 2022 (Reunión 45/2022).

2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Laerdal España, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a subministración de material e simuladores clínicos para a Escola Universitaria de Enfermería. (Expte.-2022059188).*

A deputada delegada dos Centros Educativos, mediante Resolución Presidencial do día 9 de novembro do 2022, acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, da "Subministración de material e simuladores clínicos para a Escola Universitaria de Enfermería", e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Laerdal Medical, A.S. (C.I.F.: W0281641A).

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita á referida empresa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 9 de novembro do 2022.

Rematado o prazo para presentar as proposicións, unha vez examinada a documentación, compróbase que a empresa invitada presenta oferta baixo o C.I.F. B80351471, correspondente a Laerdal España, S.L., que é a filial do grupo LAERDAL en España, achegando documentación xustificativa da exclusividade neste país, polo que resulta admitida no procedemento.



A oferta presentada é a seguinte:

Prezo total sen IVE ofertado	IVE (21%)	Prezo total ofertado
34.758,48 €	7.299,28 €	42.057,76 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Laerdal España, S.L. (CIF: B80351471) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da “*Subministración de material e simuladores clínicos para a Escola Universitaria de Enfermaría*”.

3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Sermos Galiza, S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022062725).

Por Resolución Presidencial número 2022008079 de data 14/11/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de Sermos Galiza, S.A. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Sermos Galiza, S.A. (A70301510) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 16/11/2022.

A empresa Sermos Galiza, S.A. (A70301510) presentou a proposición con data 21/11/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	33.057,85 €
IVE (21 %)	6.942,15 €
Importe ofertado con IVE	40.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Sermos Galiza, S.A. (A70301510) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.



4. Dar conta da oferta presentada pola empresa La Voz de Galicia S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022061636).

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 4 de novembro de 2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de La Voz de Galicia S.A. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á empresa La Voz de Galicia S.A. (A15000649) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 08/11/2022.

A empresa La Voz de Galicia S.A. (A15000649) presentou a proposición con data 16/11/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	140.495,87 €
IVE (21 %)	29.504,13 €
Importe ofertado con IVE	170.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa La Voz de Galicia S.A. (A15000649) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

5. Dar conta da oferta presentada pola empresa Sociedad Española de Radiodifusión, S.L.U. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022062915).

Por Resolución Presidencial número 2022007852 de data 07/11/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da Sociedad Española de Radiodifusión, S.L.U. para a cobertura



publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Sociedad Española de Radiodifusión, S.L.U. (B28016970) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 07/11/2022.

A empresa Sociedad Española de Radiodifusión, S.L.U. (B28016970) presentou a proposición con data 17/11/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	41.322,31 €
IVE (21 %)	8.677,69 €
Importe ofertado con IVE	50.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Sociedad Española de Radiodifusión, S.L.U. (B28016970) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

6. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Radio Popular S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022061901).*

Por Resolución Presidencial número 2022007726 de data 31/10/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da cobertura publicitaria pola empresa, Radio Popular, S.A. de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa RADIO POPULAR, S.A. (A28281368) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 31/10/2022.



A empresa RADIO POPULAR, S.A. (A28281368) presentou a proposición con data 10/11/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	20.661,16 €
--------------------------	-------------

Porcentaxe de desconto ofertado sobre os prezos de licitación: 0%

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa RADIO POPULAR, S.A. (A28281368) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

7. Dar conta da oferta presentada pola empresa Life Technologies para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de mantemento do secuenciador 3500 genetic analyzer do laboratorio de bioloxía molecular da Estación Fitopatolóxica Areeiro. (Expte.- 2022060558).

Por Resolución Presidencial número 2022007834 de data 07/11/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de mantemento do secuenciador 3500 genetic analyzer do laboratorio de bioloxía molecular da Estación Fitopatolóxica Areeiro.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Life Technologies S.A. (A28139434) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 07/11/2022.

A empresa Life Technologies S.A. (A28139434) presentou a proposición con data 15/11/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	46.994,40 €
IVE (21%)	9.868,83 €
Importe ofertado co IVE	56.863,23 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Life Technologies S.A. (A28139434) no procedemento negociado sen publicidade e



exclusividade tramitado para a contratación do servizo de mantemento do secuenciador 3500 genetic analyzer do laboratorio de bioloxía molecular da Estación Fitopatolóxica Areeiro.

8. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Rehabilitación integral da cuberta dunha edificación na finca de Mouriscade". (Expte.- 2021056365).

Por Resolución Presidencial número 2022006738 de data 22/09/2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Rehabilitación integral da cuberta dunha edificación na finca de Mouriscade". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27 de setembro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económicoadministrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 20/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "único" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Rehabilitación integral da cuberta dunha edificación na finca de Mouriscade"

As empresas admitidas foron as seguintes:

- SAIDRES DE TRASDEZA, S.L.
- SOTEGA NOROESTE, S.L.
- SERGONSA SERVICIOS, S.L.
- PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L..

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
SAIDRES DE TRASDEZA, S.L.	97.114,00 €	3%	36 MESES	NO	NO
SOTEGA NOROESTE, S.L.	100.490,06 €	3%	36 MESES	NO	NO
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	107.421,90 €	1%	12 MESES	NO	NO
PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L.	106.696,80 €	3%	36 MESES	NO	NO



A continuación procedeu a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por SAIDRES DE TRASDEZA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoña para executar este contrato.

SAIDRES DE TRASDEZA, S.L., atendeu ó requirimento en prazo, presentando escrito no Rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra (WEB2022054993) do que se deu traslado ós Servizos Técnicos do Servizo de Arquitectura para que emitira o preceptivo informe.

Con data 11/11/2022 emitiu informe a Arquitecta do citado servizo, recollendo o seguinte: “...analizada a documentación presentada por SAIDRES DE TRASDEZA, S.L., conclúese que a documentación presenta se considera válida para xustificala oferta económica en presunción de baixa anormal ou desproporcionada. Coa documentación xustificativa do prezo anormal, o licitador xustifica que os prezos ofertados respectan os dereitos laborais dos traballadores que se asignarán á execución do mesmo, garanten a calidade da prestación a desenvolver e que a mesma satisfará os intereses xerais...”

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE “ÚNICO”
SAIDRES DE TRASDEZA, S.L.	39,73	10,00	10,00	0,00	59,73
SOTEGA NOROESTE, S.L.	28,24	10,00	10,00	0,00	48,24
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L.	3,22	10,00	10,00	0,00	23,22

A Mesa de Contratación acorda:



1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Rehabilitación integral da cuberta dunha edificación na finca de Mouriscade” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SAIDRES DE TRASDEZA, S.L.	59,73
2	SOTEGA NOROESTE, S.L.	48,24
3	PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L.	23,22
4	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	0,00

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Rehabilitación integral da cuberta dunha edificación na finca de Mouriscade” á empresa SAIDRES TRASDEZA, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado.....97.114,00 €
 IVE (21%)20.393,94 €
 Importe Total 117.507,94 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa SAIDRES DE TRASDEZA, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditando a tenor do reflectido neles e nos datos cotexados pola Mesa, salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa SAIDRES DE TRASDEZA, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
 - Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 4.855,70 €



9. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas E.P. 9001 - 9003 - 9004 (Concello de Cambados)". (Expte.- 2022052546).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 22022007709 de data 31/10/2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da seguridade viaria nas E.P. 9001 - 9003 - 9004 (Concello de Cambados)" O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 31/10/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.



- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

10. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022043519).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 16 de setembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da *Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra*.

O anuncio de licitación deste contrato foi enviado para a súa publicación no DOUE o día 16 de setembro de 2022, aparecendo publicado o día 18 de setembro de 2022 (Anuncio 2022/S 182-514323). Tamén se publicou no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de setembro de 2022, data na que tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- Redinor, S.L. (NIF: B 36127405)
- Paz Dismac, S.L. (NIF: B 36.062.180)

O Xefe do Servizo de Contratación emitiu con data 24 de novembro de 2022 o informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitantes, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Lote 1. Papelería

EMPRESA LICITADORA	CRITERIOS NON AUTOMÁTICOS (Máximo 49 puntos)		TOTAL
	CALIDADE DOS PRODUCTOS OFERTADOS (MÁXIMO 39 PUNTOS)	PROGRAMA DE XESTIÓN E MEDIOS DE ENTREGA DA SUBMINISTRACIÓN (MÁXIMO 10 PUNTOS)	



Paz Dismac, S.L. (B 36.062.180)	39	10	49
Redinor, S.L. (B 36.127.405)	39	8	47

Lote 2. Produtos xerais de oficina

EMPRESA LICITADORA	CRITERIOS NON AUTOMÁTICOS (Máximo 49 puntos)		TOTAL
	CALIDADE DOS PRODUTOS OFERTADOS (MÁXIMO 39 PUNTOS)	PROGRAMA DE XESTIÓN E MEIOS DE ENTREGA DA SUBMINISTRACIÓN (MÁXIMO 10 PUNTOS)	
Redinor, S.L. (B 36.127.405)	39	8	47

A Mesa de Contratación con base no informe do Xefe do Servizo de Contratación de data 24 de novembro de 2022 acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación da *Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra*.

11. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022043519).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra:

Lote 1. Papelería

EMPRESA LICITADORA	TOTAL
Paz Dismac, S.L. (B 36.062.180)	49
Redinor, S.L. (B 36.127.405)	47

Lote 2. Produtos xerais de oficina

EMPRESA LICITADORA	TOTAL
Redinor, S.L. (B 36.127.405)	47



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “C” correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para a conclusión do antedito contrato e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

Lote 1. Papelería

- Redinor, S.L. (NIF: B 36127405)

Prezo total ofertado (sen IVE) : 21.799,57€

- Paz Dismac, S.L. (NIF: B 36.062.180)

Prezo total ofertado (sen IVE) : 25.069,50€

Lote 2. Produtos xerais de oficina

- Redinor, S.L. (NIF: B 36127405)

Prezo total ofertado (sen IVE) : 12.782,60€

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha das ofertas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións, en aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa, á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse, e dos informes técnicos que se considere necesario solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e catorce minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

